

Novo “invento” de contrato estable para médicos/as de familia

O SERGAS presenta un contrato de “compromiso de vinculación estable para médicos/as de familia” dun ano prorrogable a dous.

CIG-Saúde rexeita o documento presentado e solicita de inmediato que se tomen medidas a prol de captar profesionais.

Que supón este contrato?

Profesional con disposición absoluta para o SERGAS.

- Repítese o modelo, xa instaurado, de mesturar a prestación en ordinaria e en PAC.
- Non hai referencia de prestar servizos en zonas, ou PACs concretos, senón que pode abranguer toda a área.
- Ao profesional comunícaselle con 15 días de antelación quenda e destino.

Que garantía de estabilidade é esta?

Estamos a falar de profesionais que traballan todo o ano de forma continuada, e que acceden a contratos máis estables onde coñecen o centro de destino e a xornada durante períodos superiores a 15 días.



Ante o déficit tan grave desta categoría o SERGAS debera facer unha **planificación das necesidades** e ofertar **vínculos estables** en zonas deficitarias de persoal, reforzando así os cadros de persoal destes.

Basta xa de medidas para paliar a situación inmediata, é necesario planificar a longo prazo, senón sempre acabaremos no mesmo punto.

Ante a falta de profesionais, quen vai a optar a este tipo de contratación?